

10 DE
MARZO

REFORMAS LABORAIS E LEI MORDAZA ANULACIÓN XA !!!

E DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

ENFRONTAMOS a celebración do Día da Clase Obreira Galega, deste ano 2016, nunha situación de fonda preocupación polo noso futuro como clase e como pobo galego, motivada: pola perda de miles de postos de traballo; pola deterioración das nosas condicións laborais e sociais; polas dificultades que está a pasar o noso sector primario para poder seguir producindo, creando riqueza e emprego; pola perda de titularidade galega, tanto pública como privada, sobre o sector financeiro galego e sobre moitas das nosas principais empresas; polo avellentamento da poboación e, unha vez máis, e levamos así séculos, tendo que sufrir como país o espolio da nosa enerxía, do noso aforro, dos nosos recursos naturais e a sangría de miles de mozas e mozos galegos camiño da emigración.

Os miles de desempregados e desempregadas, os baixos salarios, a precariedade, a pobreza enerxética, a exclusión social, os desafiuamentos, etc., son consecuencia da crise deste modelo de capitalismo neoliberal e tamén das políticas promovidas pola Unión europea e polos diferentes gobernos españois nestes últimos anos.

Aí están as políticas de austeridade centradas no recorte do gasto e do investimento público, na imposición do copagamento sanitario, no recorte das prestacións por desemprego ou a deterioración na calidade dos servizos públicos en xeral, ao tempo que se baleiran as arcas do Estado a través dunha reforma fiscal que

rebaixa os impostos ás rendas máis altas e ás grandes empresas, se conceden importantes axudas á banca e a igrexa ou se desvían, a través dunha corrupción institucionalizada, millóns de euros ao financiamento do PP e a encher a carteira dos seus amigos.

Aí están tamén as sucesivas contrarreformas laborais en materia de contratación, de negociación colectiva e das pensións, que se fixeron coa única finalidade de abaratar o despedimento, baixar salarios, incrementar o negocio e a marxe de beneficios da patronal e debilitar a capacidade reivindicativa e organizativa da clase obreira.

Retomando o exemplo do que fixo o movemento obreiro galego ao longo da súa existencia, empezando polos heroicos sucesos que tiveron lugar o 10 de marzo do 1972, e sempre conscientes de que non hai salvadores supremos, cómpre continuar a organizármonos e a mobilizármonos, empezando por esixir, governe quen finalmente governe, a derogación inmediata das leis que sustentan as sucesivas reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións ou da lei de seguridade cidadá. E en coherencia co dito de que non hai salvadores supremos, sermos conscientes da necesidade de que sexamos os galegos e galegas os/as que decidamos o noso futuro, os/as que gobernemos a nosa Terra, e polo tanto reivindicarmos con firmeza a autoorganización e o dereito á soberanía política plena para a nosa nación, Galiza.

DANIEL E AMADOR A LOITA CONTINÚA
VIVA O 10 DE MARZO. VIVA A CLASE OBREIRA GALEGA
VIVA GALIZA CEIBE SEN EXPLOTACIÓN

Viveiro:
Concentración ás 12:00h.
diante dos Xulgados

